



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 11 DE FEBREIRO DO 2021

Alcalde-Presidente:

Carlos Ladra Brage

ASISTENTES

Concelleiros/as;

Grupo político municipal PSdG-PSOE

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana Mª. Rodríguez Fernández

Grupo político municipal BNG:

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

Grupo político municipal PP:

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

Grupo Mixto:

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

Secretaría-Interventora:

Irene Suárez López

Sesión telemática celebrada en virtude do artigo 46.3 da LBRL introducido pola Disposición Adicional segunda do Real Decreto legislativo 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes e complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. Sendo as 19:30 minutos, do 11 de febreiro do 2021, reúnen-se en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaría-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

Antes do comezo dos puntos da orde do día a Secretaría da lectura ao seguinte escrito en relación á convocatoria do Pleno:

Este Pleno ordinario celébrase en substitución do Pleno ordinario que se tiña que ter celebrado en xullo de 2019, en cumprimento do fallo da sentenza estimatoria de data 17 de decembro de 2020, ditada no seo do procedemento de protección dos dereitos fundamentais núm. 174/2019 e cuxo fallo declara a nulidade do acto de non convocatoria da sesión ordinaria do pleno de 31/07/2019, debéndose convocar de xeito inmediato, sesión plenaria, en substitución daquela, sen alterar o orde das sesións ordinarias previstas pola propia Corporación.

I. PARTE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

1- INFORMES DA PRESIDENCIA

a) Resolúcións de Alcaldía



Dáse conta das Resolucións de Alcaldía do núm. 353/2019 do 22/04/19 ata a Resolución núm. 690/2019 do 31/07/2019.

2.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

O concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña da lectura á moción presentada polo seu grupo en relación á transparencia e o dereito á defensa nos procesos selectivos do persoal municipal, cuxo teor literal é o que segue:

ASUNTO: pola transparencia e o dereito á defensa nos procesos selectivos de persoal municipal

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro da Marea de Cabanas (EM-PDDdG) presenta a seguinte proposta para o seu debate no vindeiro Pleno da Corporación que se celebre:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recibida documentación este venres 19 de xullo de 2019 sobre recurso e resolución da alcaldía sobre proceso selectivo dun posto de limpador/a do Centro de Saúde de Cabanas como persoal laboral temporal.

Considerando a información contida na documentación e a escasa información dispoñible a nivel municipal.

Por todo isto, a Corporación Municipal ACORDA

1. Instar a que o alcalde de Cabanas anule o decreto de 15 de xullo de 2019 sobre "desestimación de recurso de alzada" por non axeitarse formalmente ao solicitado pola persoa reclamante e mais por non garantir o dereito constitucional á defensa a través do procedemento de audiencia.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometido a votación a urxencia da moción é rexeitada por un (1) voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto, catro (4) abstencións dos concelleiros do PP e seis (6) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.

De seguido o concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña da lectura a outro moción relativa á modificación do PXOM e pola ampliación e mellora dos espazos no Centro de Saúde de Cardeita e no Colexio Eladía Mariño:

ASUNTO: pola modificación do PXOM e pola ampliación e mellora dos espazos no Centro de Saúde de Cardeita e no Colexio Eladía Mariño

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro da Marea de Cabanas (EM-PDDdG) presenta a seguinte proposta para o seu debate no vindeiro Pleno da Corporación que se celebre:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Considerando as observacións achegadas no escrito da Xunta de Galicia sobre tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de marzo de 2019 sobre deficiencias para corrixir no expediente.

Considerando a situación da tramitación do PXOM pasaron 9 meses dende a aprobación provisional sen que se informe á Corporación.

Considerando as propostas realizadas na pasada lexislatura.

Por todo isto, a Corporación Municipal ACORDA

Modificar o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente en outubro de 2018, antes de que a Xunta de Galicia o aprobe definitivamente e corrixir as seguintes deficiencias:





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

- 1.- *Incluír a ampliación do Centro de Saúde de Cardeita e mais do CEIP Eladia Mariño.*
- 2.- *Comprobar se hai cambios substanciais ou accesorios entre a aprobación inicial e a aprobación provisional tal e como advirten o informe de secretaria e o informe do arquitecto municipal de outubro de 2018.*
- 3.- *Suprimir a ampliación do SUD-1 na súa esquina superior noroeste (Cardeita) sobre predios excluídos do ámbito urbanizable na Aprobación inicial de 2014, ao non estar motivado nin en alegacións nin en informes sectoriais.*
- 4.- *Harmonizar a cualificación do solo ao longo da N-651 en concordancia ás Normas Subsidiarias Municipais e ás alegacións presentadas nese sentido.*
- 5.- *Harmonizar a parcela mínima establecida para os núcleos rurais coas Normas Subsidiarias Municipais, Plan Básico Autonómico e con múltiples alegacións nese sentido.*
- 6.- *Corrixir a asignación do Solo rústico de protección de augas e zonas inundables co Plan Básico Autonómico e alegacións nese sentido.*
- 7.- *Xustificar o plan económico de viabilidade en concordancia co exixido pola Xunta de Galicia e co informe de secretaria de outubro de 2018.*
- 8.- *Aplicar a toponimia oficial do Plan Básico Autonómico.*
- 9.- *Suprimir definitivamente o convenio PEORM-1 relativo ao Pombal e identificado erroneamente co topónimo das Modias, Porto, en concordancia con alegacións nese sentido.*
- 10.- *Prohibir a autorización de construcións no piñeiral da Madalena en concordancia coa protección total das Normas Subsidiarias de Planeamento de Cabanas e coas características ambientais da duna gris protexida polas Directivas europeas e potencial lugar de aniñamento da pillara das dunas.*
- 11.- *Establecer, á maior brevidade despois de aplicar estas modificacións, un segundo período de exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal.*

Sometido a votación a urxencia da moción é rexeitada por un (1) voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto, e dez (10) votos en contra dos concelleiros do PP, do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta e oito minutos, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº

